

## BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PEÓNS ALBANEIS.

Estas Bases publicaranse íntegramente na páxina web municipal ([www.castrelodoval.gal](http://www.castrelodoval.gal)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Número de prazas: 2

Modalidade da contratación: Contrato por obra ou servizo determinado, a tempo completo.

Horario do contrato: 40 horas semanais, 8 horas ao día, conforme a planificación dos traballos que ao efecto sinale o alcalde do Concello de Castrelo do Val por un período de 2 meses.

Denominación do posto: Peón albanel.

Salario bruto mes, incluíndo pagas extras: 1.050,00 €

Tarefas a realizar: Levar a cabo reparacións varias e pequenas infraestructuras no Concello de Castrelo do Val.

Prazo de presentación das solicitudes no Concello e modelo de instancia:

No prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no B.O.P., mediante a instancia que se transcribe no anexo, presentada na Casa Consistorial, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

### Condicións e requisitos que deben reunir as persoas aspirantes, así como forma de xustificación:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte ó disposto no artigo 52 da Lei 2/2.015, do 29 de Abril, do emprego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público en Galicia, así como estranxeiros que teñan a súa residencia legal en España. (Se achegará fotocopia compulsada do D.N.I. ou da tarxeta de residencia).

b) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. ( Acreditarase mediante declaración na instancia de solicitude)

c) Ter feitos os dezaioito anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Deberá posuir permiso de conducir clase B ou superior en vigor.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sean necesarias para o desempeño das correspondentes funcións e tarefas. (Acreditarase mediante declaración na instancia da solicitude)

Baremo de puntuación dos méritos, así como forma de xustificación por parte dos interesados/as:

1. Experiencia Profesional: (Máximo 3 puntos)

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos similares: 0,10 puntos por mes completo, ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, e copia dos contratos de traballo ou certificados de empresa. A experiencia que non se considere acreditada non se puntuará.

2.- Persoas en paro de longa duración: 1 punto

3.- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios de desemprego: 1 punto

4.- Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 1 punto.

5.- Integrantes doutros colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: 1 punto

6.- Dispoñibilidade horaria: 1 punto

Órgano de selección: Comporase das seguintes persoas, sendo un órgano colexiado:

Presidente: Un funcionario do Concello de Castrelo do Val.

Vogal: Un funcionario do concello de Castrelo do Val.

Secretario: Secretario-Interventor do Concello de Castrelo do Val.

A continuación, o órgano de selección procederá a valorar o resto da documentación presentada polos/as aspirantes. Ao seu remate, confeccionarase un acta no que se reflexará o total da puntuación obtida por cada aspirante, en todos os apartados que se puntuán, segundo o reflexado nestas bases.

OS/AS aspirantes que reunan a máxima puntuación serán os propostos polo tribunal para os posto s.

Este acta publicarase na páxina web ([www.castrelodoval.gal](http://www.castrelodoval.gal)) e no Taboleiro de anuncios do Concello.

**Contratación das persoas:**

Mediante Decreto desta Alcaldía procederase a contratar ás persoas propostas polo tribunal, que resultara con máis puntuación na acta mencionada no punto anterior. Este Decreto da Alcaldía publicarase na páxina web ([www.castreloval.gal](http://www.castreloval.gal)) e no Taboleiro de anuncios do Concello.

**ANEXO I**

D./DONA \_\_\_\_\_ maior de idade, con D.N.I. num. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_ provisto do teléfono num. \_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria realizada polo Concello de Castrelo do Val para cubrir mediante concurso, valorando os méritos, a praza de \_\_\_\_\_ persoal \_\_\_\_\_ laboral \_\_\_\_\_ temporal \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Considera que reúne os requisitos previstos nas bases da Convocatoria, e solicita participar no proceso, achegando a fotocopia compulsada do seu DNI, e os seguintes documentos para que poidan ser tidos en conta na valoración dos méritos.

.....  
.....  
.....  
.....  
Así mesmo, DECLARA EXPRESAMENTE E BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

-Que non ten sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se atopa na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos, por resolución xudicial.

-Que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que son necesarias para o desempeño das correspondentes funcións e tarefas.

Castrelo do Val, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.019.

ASDO:

DIRIXIDO O SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL.